

JV/Imlr

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

|            |                                                                                                                  |
|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| EXPEDIENTE | 2025029488                                                                                                       |
| ASUNTO     | Designación das e dos membros do xurado do I Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra 2025 |
| TRÁMITE    | Resolución Presidencial nomeamento xurado                                                                        |

O Presidente, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto na base sexta da convocatoria do I Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra, aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2025004755, do 9 de xuño de 2025, e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO núm. 110, de 11 de xuño de 2025), RESOLVO designar as seguintes persoas para formar parte do xurado dos citados Premios, segundo o referido na convocatoria:

- Presidente: Luis López Dieguez, Presidente da Deputación.
- Secretario: Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- Vogais:
  - Ana Carreira Varela, actriz, dramaturga e narradora oral.
  - María Cristina Domínguez Dapena, docente e directora teatral.
  - Vanesa Martínez Sotelo, actriz e dramaturga galega.
  - Francisco Javier Núñez Alonso, director do Centro Dramático Galego.
  - Antonio Pena Abal, docente e escritor.

As persoas integrantes do xurado percibirán as indemnizacións correspondentes por gastos de asistencia ás reunións nas que se redacte acta, nas mesmas condicións ca



os cargos electos, cos importes establecidos na base 52.<sup>a</sup>.2.b das Bases de execución do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se considere conveniente.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

